

TOPÓNIMOS CON ARTIGO E USO DAS PREPOSICIÓNS

Os **topónimos** galegos (nomes de lugar), tal como sinala o artigo 10 a Lei 3/83 de normalización lingüística, “*teñen como única forma oficial a galega*”.

Ademais, unha gran porcentaxe dos nosos nomes de lugar levan artigo, parte inescusable da súa forma, e na toponimia rianxeira hai abondos exemplos: O Araño, A Vacariza, A Atalaia, Os Xens, As Miráns, A Senra, As Cortes, O Pazo...

Polo tanto é un erro utilizar o topónimo sen o artigo naqueles casos que si o levan, e que están referendados pola Real Academia Galega e oficializados no [Nomenclátor de Galicia](#).

O **artigo débese escribir sempre** en maiúscula a carón do topónimo e, igual que acontece coas preposicións A, DE, EN e POR, que contraen co artigo, debe escribirse tamén a contracción (neste caso en minúscula). Por exemplo:

A Vacariza: “O domingo fun xantar **á** Vacariza e logo dei un paseo ata O Regueiro”.

O Araño: “Fomos mercar pan e visitamos o hórreo **do** Araño”.

A Atalaia: “Estiven **na** Atalaia onte á tarde pero non atopei a túa casa”.

O Pazo: “Se queres ir ao Castelo da Lúa podes ir **polo** Pazo”.

Os **nomes das rúas** e prazas deben utilizarse en galego coa preposición *de*. Así deberemos dicir e escribir: rúa de Abaixo, praza de Castelao, paseo da Ribeira, parque de Galicia ou peirao de Setefogas.

Mais cando nos referimos a **lugares e datas** en encabezamentos ou pés de páxina de calquera escrito, non se usan as preposicións *en* e *a*, nin se usa punto no final nin na cifra do ano. Por exemplo: Rianxo, 5 de xuño de 2018

Pódese consultar e descargar a toponimia maior do Concello de Rianxo na seguinte ligazón: [TOPONIMIA DE RIANXO](#).